



O ÁLVARO CUNQUEIRO É O HOSPITAL EUROPEO QUE TRATA AO MAIOR NÚMERO DE PACIENTES DE ALFA-1 ANTITRIPSINA REXISTRADOS

- *A Unidade de Pneumoloxía, especializada nesta enfermidade rara, atende a máis de 260 pacientes con déficit moderado e grave*
- *Esta Unidade é a única de Galicia cunha acreditación nacional de excelencia, que garante o máximo nivel de calidade*
- *Onte, con motivo do Día Europeo do Déficit de Alfa-1 Antitripsina (DAAT), a asociación de pacientes Alfa-1 España estableceu unha mesa informativa no Hospital Álvaro Cunqueiro*

Vigo, 26 de abril de 2024. O Centro Galego Alfa-1 Antitripsina, localizado no Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo, é, cun total de 264 pacientes incluídos no rexistro europeo desta enfermidade (EARCO), o hospital europeo que trata ao maior número de persoas, con déficit moderado ou grave, con esta doenza. Este traballo, que coordina a Unidade de Pneumoloxía do hospital, constitúe un referente a nivel internacional no tratamento e investigación desta doenza.



Dada esta circunstancia, xunto co desenvolvemento deste labor en colaboración continua coa asociación de pacientes Alfa-1 España, é polo que onte, *Día Europeo do Déficit de Alfa-1 Antitripsina (DAAT)*, o Hospital Álvaro Cunqueiro sumouse a esta conmemoración participando, xunto con Alfa-1 España, nunha mesa de divulgación instalada no hospital, coa que se trata de difundir e dar visibilidade sobre esta enfermidade á sociedade en xeral.



Enfermidade rara

O *Déficit de Alfa-1 Antitripsina (DAAT)*, incluído dentro das Enfermidades Raras, é unha enfermidade xenética pouco frecuente e incurable, que pode causar patoloxías pulmonares e hepáticas, tanto en nenos como adultos. Trátase dunha desorde hereditaria, con gran afectación na calidade e esperanza de vida.

Para o seu diagnóstico e tratamento, creouse no Hospital Álvaro Cunqueiro o Centro Galego Alfa-1 Antitripsina, formado por un equipo multidisciplinar de pneumólogos, unha especialista en xenética e unha enfermeira, que desenvolven a súa actividade asistencial e de investigación de forma coordinada, coa finalidade de ofrecer unha atención integral, tanto a pacientes como familiares, abarcando o proceso diagnóstico, o estudo familiar, consello xenético, seguimento e tratamento das e dos pacientes que o precisan.

Paralelamente, desenvólense proxectos de investigación clínica e proxectos de mellora, dirixidos a aumentar o coñecemento da enfermidade entre os profesionais sanitarios e a comunidade de pacientes Alfa.

Referencia en Europa

A responsable desta Unidade é a pneumóloga Dra. María Torres, que subliña "o traballo levado a cabo por este centro, en tanto en canto fomos catalogado como Centro de Excelencia e pasamos de integrarnos no rexistro da *European Alpha-1 Research Collaboration (EARCO)*, composto por 25 países, a liderar este censo, o que nos permite, ademais, ter unha información de alto valor, non só para saber manexar o seu tratamento, senón para a obtención de datos esenciais para a investigación, que logo compartimos cos outros centros de atención".

Acreditación e ciencia

A Unidade de DAAT do Hospital Álvaro Cunqueiro é a única de Galicia que conta cunha acreditación nacional de excelencia, que garante o máximo nivel de calidade, outorgada pola *Sociedad Española de Neumología (SEPAR)*. Esta acreditación está considerada como o maior recoñecemento para a atención desta patoloxía en España, situando á Unidade viguesa como referente ao valorar a calidade asistencial, docente e investigadora desenvolta polos seus profesionais. De feito, neste momento hai varios proxectos de investigación activos na Unidade.

Un deles, aborda dende a perspectiva xenética o coñecemento e posible tratamento desta enfermidade, o que constitúe achegarse á investigación sobre o DAAT dunha maneira novidosa. Trátase de comparar se existen diferencias entre persoas sen e con mutacións no xen AAT a analizar a súa predisposición a padecer esta enfermidade, segundo indicios xenéticos, pola súa exposición a factores de risco como: intensidade do consumo do tabaco, coexistencia de EPOC e/ou enfisema, ou a exposición a radón interior.



SERVIZO
GALEGO
DE SAÚDE

ÁREA SANITARIA DE VIGO

Este traballo esta liderado pola propia Dra. María Torres, que tamén é investigadora do Instituto de Investigación Sanitaria Galicia Sur, dentro do Grupo Neumovigo.

Estrada Clara Campoamor nº 341
36312 Vigo (Pontevedra)
T. +34 986 217 091
comunicacion.vigo@sergas.es